



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

**CIRCULAR INFORMATIVA. 2** ([www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon](http://www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon))

Completando a carta enviada con anterioridade quixeramos informar do seguinte:

- Segundo o calendario aprobado pola Xunta Electoral o prazo para **presentar a candidatura** de pais e nais ao consello escolar será desde o día 6 ata as 12 horas do xoves **15 de novembro**. Tan só é necesario cubrir un impreso que se lles facilitará na administración do IES e xa poderán figurar entre os candidatos/as.
- O **sorteo** dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 21 de novembro ás 12'05 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- A **votación** celebrarase nas instalacións do IES o luns día 26 de 19 a 21 horas.
- Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria (pódese consultar na administración do IES). Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.
- Na mesa electoral haberá papeletas coa lista de candidatos/as na que deberán marcar cunha X á persoa desexada (tan só unha X).

A dirección deste IES anima a todos os pais e nais do alumnado a que presenten a súa candidatura a fin de conseguir a máxima representatividade de pais e nais no Consello Escolar.

Recíbide un afectuoso saúdo.

A Serra de Outes , 6 de novembro de 2012

O DIRECTOR DO CENTRO E  
 PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Daniel Losada Andreu



D / D<sup>a</sup> .....

Pai/Nai do alumno/a .....

Recibín a información referente as eleccións para o Consello Escolar (2).

Data: ..... de ..... de .....

Devolver o comprobante asinado ao titor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_